

NA CORRENTE

Hong Sangsoo, 2024

1549

ESTREA EN NUMAX: 11.07.2025 | V.O.S.E. | +12 | 111 min

Unha universidade feminina celebra un festival de teatro e unha das profesoras, Jeonim, chama a seu tío para que dirixa a peza que ensaian as alumnas. O home, de gran prestixo como actor e director antes de caer en desgraza, involúcrase nun incidente escandaloso entre os estudantes e Jeonim.

«Para quen desexe adentrarse no particular mundo de Sangsoo, non se me ocorre mellor punto de partida que esta película»

Kurt Halfyard, SCREEN ANARCHY



Rolda de prensa con Hong Sangsoo: «Creo que é inútil definir algo tan misterioso e nobre como o amor»

Teño unha pregunta sobre o amor, porque me pareceu entender que o amor en *Na corrente* non é o mesmo que noutros filmes como *A viaxeira* ou o das primeiras películas, onde a violencia dos amantes se expresaba a través de escenas de sexo. Cal é, desde o seu punto de vista, a diferenza entre todas estas clases de amor? Non creo estar preparado para responder a esta pregunta. Eu non penso no amor nin tento definilo. A veces sentimos dunha maneira moi intensa e ese sentimento conmóvenos e lévanos en certa dirección. Creo que é inútil definir algo tan misterioso e nobre. Quizais unha definición clara de máis pode entorpecer ou ocultar cousas. Ver moi claro o que pasa dentro de nós pode facer pensar noutras cousas. Eu tento sentirme máis libre. Se fas algo ben, recoñeces ao intre que o estás a facer ben e nese fluxo recoñeces toda clase de cousas

Tentamos conceptualizar esas ideas tan importantes e cremos que se damos coa mellor definición, algo do que poidamos estar certos, iso nos vai facer máis libres ou mellores. Pero eu non creo que sexa así. Non consiste en dar coa definición correcta. É algo máis fondo. Loitar contra as palabras, loitar contra os conceptos, loitar contra os estereotipos, loitar contra a covardía, deterse na metade, ese tipo de cousas... Temos por diante un camiño sen fin que temos que seguir sen descanso e de cando en vez nos paramos, e se o ceo nos axuda podemos sentir algo máis forte, cunha enerxía positiva. Creo que estou falando de máis...

Quería preguntarlle como son as súas rodaxes, o tamaño do equipo, como as aborda, se as localizacións están planeadas de antemán... Levaríame moito tempo explicar todos os pasos, así que serei breve. Ultimamente escribo o día antes de rodar. Antes escribía escenas o propio día pola mañá cedo, pero estoume facendo vello e agora escribo o día antes. Sempre manteño a conexión co fluxo de rodaxe de modo que podo escribir o día antes de rodar. Remato de rodar a primeira hora da tarde e despois preparo todo para o día seguinte. Escribo catro ou cinco escenas, aproximadamente. Tento rematar de escribilas e se non estou moi canso, ao rematar volvo a casa e remato de montar o que rodei. Así sei o que fixen. O equipo principal somos eu mesmo, Kim Minhee, que é a xefa de produción, e unha persoa máis que contratamos para o son.

Como vello amigo seu, que ve os seus filmes dúas ou tres veces, sentín que despois de *Na praia soa de noite* (2017) mudou algunhas cousas nos temas e o aspecto dos filmes. O máis sorprendente é que agora todas teñen un personaxe feminino fumando. Simboliza iso algo? E a súa pregunta é por que o *soju* e o *makbaeju* foron substituídos polo *makgeolli* e o viño. Como me estou facendo vello e o *soju* é moi forte, substituíno polo *makgeolli*. En canto á primeira pregunta, se eu poño algo nun filme ou se a persoa no filme, no seu intento de expresar as súas intencións, di ou fai algo, non é a miña intención, con ese diálogo ou esa acción, dar a entender nada, nin convertelo nunha mensaxe. A xente produce mensaxes e eu úsoas por esa razón. Entende o que digo? Trátase só dunha cousa concreta ou de cousas concretas que foron colocadas dunha maneira específica. É importante non estar moi atado a unha liña de mensaxe ou intención, porque a vida non é así. Sempre resulta tentador ter unha gran filosofía ou comprensión, de modo que poidamos agarrarnos a algo e que iso o solucione todo. Eu emprego eses estereotipos e outras veces emprego cousas que non son estereotipos e mesturo todo.